

# As cicatrices fecundan a terra

**POESÍA** Neste libro de Luís Valle, distinguido co *III Premio Manuel Lueiro Rey*, non hai ruptura cos anteriores, pero si unha nova canalización no seu dicir.

Isidro Novo *Texto*

Quizais sería axeitado dicir que a historia poética de Luís Valle arrinca dun templo, arrinca daquel *Zigurat* onde tivo o primeiro contacto cos deuses para dar a luz a aqueles haikus libérrimos, a aqueles poemas breves coma xaculatorias que o levaron a obras posteriores deixando constancia nelas de seguir portando a aureola da emoción. Que o levaron primeiro á elexía e seguidamente o conduciron cara ao precipicio poético.

A primeira obra que tiveron ocasión de ler de Luís foi *A caída*, unha creación chea de vigor que seguramente foi desencadeante de toda o que veu despois, daquel *Fedor*, que como o libro anterior fora avalado por un premio e que tiveron a oportunidade de prologar. Libro que ademais fora editado na mesma editorial que o que hoxe se está a presentar. Logo, aínda viría aquel *Caderno do mendigo*, ategado de fames e desposuimento, que apareceu hai tres anos editado por Barbantesa, casa que polo visto vai contar de novo con Luís para publicar nun próximo futuro outro libro de haikus.

Pero deste novo libro que hoxe presentamos, distinguido hai pouco co *III Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey*, cómpre dicir que, malia que non haxa unha ruptura cos anteriores, si que hai nel a procura dunha nova canalización do seu dicir. De fulgurante, de luzada súbita, a palabra pasa n' *As cicatrices do sol* a máis discursiva, coma se o lóstrego, o relampo, acougase e quixese probar a experiencia de ser río de lume emboscado entre meandros. Aínda que quizais sexa mellor dicilo como el o di nun dos seus primeiros poemas:



*As cicatrices do sol*  
Luís Valle  
Sotelo Blanco 2015

*“cravei unha/ estrela no Libro. Logo, /segúin a estrela”.*

Para min resulta evidente que estas cicatrices do sol son os estigmas do que deixaron os libros anteriores, pero tamén é certo que hai un ir abrindose a outros camiños polos diferentes lugares da andaina, porque como conta a pomba *“Aínda queda unha longa /viaxe, semellante ao voo/das típulas. Logo todo/estará preto de ti”*. Unha longa viaxe, si, pero nas paredes da palabra aparecen vestixios de ter determinado xa unha dirección. O poeta escolle a raíz e osma a esperanza, por iso seguirá *as sendas coa sede do/devorador de croios*.

E nese ir, o poeta busca compañía, e coas estrelas vai a chuvia e ata aparece *o amor inclinado pola luz*. O amor que é emoción e devoción, como a propia poesía, e que vai escribirse en maiúscula aínda que sexa na incompreensión, porque terá vixencia ata o final do libro no que o tempo é seducido e a terra fecundada.

De todas maneiras, aínda sendo outra a singradura deste libro verbo dos anteriores, o autor é recoñecíbel en todo momento dende a súa ousada imaxinería e dende as referencias utilizadas, capaces en cada caso de producir o efecto desexado. Luís é quen de poñer en situación formigas, corvos, relampos, pedras, merlos, caracóis, vergas, espiñas ou estrelas, de meternos no entreverso a Paracleto ou a San Rafael ou a Elías de Tisbé ou a Tommaso de Ceva ou de levarnos a lugares tan distantes e distintos entre si, no espazo, e ás veces ata no tempo, como Sión, Xangai, Ecbatana ou Moncelos. Dá a sensación de que ese tipo de referencias fosen imprescindíbeis para os seus biorritmos poéticos, inescusábeis para darlle a pátina ás súas composicións.

Non quero estenderme, porque debe ser el quen nos agasalle cos seus versos e os seus comentarios sobre eles, pero sabemos que Luís Valle, ademais desta súa máis coñecida faceta poética, ten outra agora menos visíbel de artista plástico que eu persoalmente descoñezo. Por citar a dous poetas vinculados a Lugo que se atrevesen con ambas disciplinas, venme á cabeza o courelao Uxío Novoneyra que, ademais de debuxar marabillosamente os seus poemas, facía gravados en linóleo e o celanovés Baldo Ramos, que utiliza outras técnicas pictóricas, pero en calquera dos dous podo relacionar sen sorpresa a plástica coa escrita, así que a pregunta que quero deixar no ar é, ocorre o mesmo coa obra plástica, para min e para moitos incógnita, de Luís Valle?

ProTexta | Suplemento bimensual de Libros

Consello editorial: Manuel Forcadela e Rexina Vega (coordinación), Camiño Noia, Anxo Angueira